



As Memorias de familia de Marcial Valladares

Mercedes Brea e M^a Xesús Nogueira Pereira

Filósofos de la natureza; admirados de sus contrastes variados, sin advertir la falta de agitación y atormentado bullicio de las ciudades, vivíamos en tan apacible y dulce tranquilidad, saliendo de nuestra casa y entrando en ella con la sonrisa siempre en los labios, hija del placer doméstico, de ese indefinible goce de la familia (libro primeiro, cap. XXIII).

“Mi madre vivía en la aldea y en 11 de junio de 1821 nací yo, con cuyo nacimiento vinieron a consolarse mis padres de la pérdida de Petra que acababa de morir”. Con estas palabras rexistra a súa data de nacemento D. Marcial Valladares Núñez no capítulo V do “Libro primero” dunhas *Memorias de familia* que redacta non con intención de publicalas senón para “conservar en ella [a súa familia] perpetuo recuerdo de lo pasado y de sitios más o menos tiempo habitados, trasunto fiel de las vicisitudes de mi padre en las diferentes épocas de su vida a través de los sacudimientos políticos, en medio de cuya veleidad vio nacer sus hijos, no sin trabajo” (libro primeiro, cap. I).

Efectivamente, esas *Memorias* –que inicia coa presentación dos seus pais e remata dando conta da morte da súa irmá Avelina o día

17 de marzo de 1902¹– narran a traxectoria vital (e entrañable) dunha familia ao longo de todo un século (dende o nacemento en 1789 de D. José Dionisio Valladares Gómez) e, a través dela, permiten aproximarse a unha serie de acontecementos políticos relevantes do século XIX, non contemplados coa frialdade dun historiador senón por medio das súas repercusións na vida doméstica e na descendencia dun home, D. José, que se implicou activamente en moitos deles (ata o punto de bautizar aos seus fillos con nomes que mantiñan a lembranza das “grandes acciones en que se halló”, libro primeiro, cap. V) e que probablemente é merecedor dun estudo atento e coidadoso que aquí non podemos acometer.

1. Marcial Valladares

O “señor de Vilancosta” (apelativo co que tamén se coñece², en referencia á casa natal á que tan apegado estivo sempre e que herdou dos seus pais) é, sen dúbida, unha figura senlleira das letras galegas, pois concentra, nos albores do Rexurdimento, a faceta de estudoso da lingua e de creador nesa mesma lingua que estuda e que está contribuíndo a “normalizar”. Por unha banda, é autor dun *Diccionario gallego-castellano* publicado en Santiago no ano 1884 e dunha gramática que rematou en 1892, aínda que se mantivo inédita ata 1970³. Por outra, compuxo poemas dispersos en galego (que empezan a apare-

- 1 Segundo relata o sobriño -o mesmo Laurentino Espinosa Valladares ao que proporciona os seus consellos no libro terceiro- que pon o colofón ás *Memorias* de Marcial Valladares (morto un ano despois, en maio de 1903), este triste acontecemento “apagó en él así mismo todo entusiasmo, toda alegría”.
- 2 Acuñouno D. Ricardo Carballo Calero como título do folleto co que a Universidade de Santiago de Compostela se sumaba por primeira vez, cunha obriña concibida con ese obxectivo, á celebración oficial do Día das Letras Galegas: *O señor de Vilancosta. Loubanza de don Marcial Valladares Núñez no Día das Letras Galegas*, Universidad de Santiago, 17 de maio de 1970.
- 3 Dado que, como acabamos de lembrar, este foi o ano no que a Real Academia Galega lle dedicou o *Día das Letras Galegas*, non sorprende que fose entón cando se recuperase tanto a súa obra inédita como a dispersa, en diversas edicións a cargo da propia RAG ou da editorial Galaxia. No centenario da súa morte produciuse unha nova recuperación da súa figura e apareceron diversos traballos sobre a súa obra (véxanse, por exemplo, as

cer na prensa no ano 1845) e varios relatos, aínda que a súa produción literaria máis relevante é a primeira novela escrita en galego, *Maxina ou a filla espúrea*, que viu a luz por entregas en *La Ilustración Gallega y Asturiana* no ano 1880⁴. Ademais, encargouse da compilación dun *Cantigueiro popular*, que tiña disposto xa en 1867 e ao que en 1887 engade aínda un novo apéndice.

Maxina foi considerada polos críticos un folletín propio da época ou una novela costumista; en calquera caso, non deixa de ser un produto do Romanticismo do seu tempo⁵, construída posiblemente a partir dun relato oral, que arrinca cun feito violento (a violación de Otilia por un home enmascarado do que non se descobre a identidade ata o final) e remata coa traxedia da inesperada loucura desa muller cando todo parecía presaxiar un desenlace venturoso (que si se produce, en cambio, para Maxina, a filla espúrea resultado daquel acto). O seu mérito principal estriba en ser o primeiro intento serio de asentar unha narrativa en galego que puidera desenvolverse á par da poesía, e en ser froito da preocupación científico-sociolóxica e das reflexións dun autor que conxugaba harmoniosamente o estudo, descrición e conservación dun patrimonio lingüístico vivo e en proceso de consolidación como norma escrita coa efectiva posta en

páxinas nas que xungue as dúas efemérides J. L. Blanco Valdés en "Lembranza de Marcial Valladares no centenario da súa morte", *Revista Galega do Ensino*, 39, maio 2003, pp. 145-147). Máis recentemente, contamos cunha investigación minuciosa sobre Valladares a cargo de Xosé Antonio Fernández Salgado, quen, ademais de artigos e estudos de detalle sobre o noso erudito, publicou no ano 2005 o libro *Marcial Valladares: biografía dun precursor no Rexurdimento galego* (Servizo de Publicacións da Diputación Provincial de Pontevedra).

- 4 A primeira edición como libro foi a preparada por Ricardo Carballo Calero para a editorial Galaxia en 1970. Dende entón, apareceron varias edicións de relevo, entre as que cabe mencionar a cuidada por Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca Roig para Edicións Xerais de Galicia, por ser a primeira que recupera –a carón daquela primeira por entregas– un manuscrito de D. Marcial do ano 1870 conservado na Real Academia Galega, que, ademais de conter un prólogo no que dá conta das súas intencións ao escribila, adianta o remate da composición da novela en dez anos.
- 5 Quen desexa máis información sobre esta novela pode consultar os seguintes traballos: Mercedes Brea, "Sobre *Maxina*", *Grial*, 29, 1970, pp. 352-355; e Dolores Vilavedra, "Maxina ou a filla espúrea. ¿Un caso de dialoxía lingüística e monoloxía ideolóxica?", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Galaxia, Vigo, 1998, t. 1., pp. 365-376.

práctica dese desexo de contribuír eficazmente a proporcionar ao galego mil primaveras máis (como, décadas máis tarde, expresaría Álvaro Cunqueiro) mediante a súa extensión a un xénero literario no que aínda non fora considerado instrumento adecuado.

Dende esta óptica, o que pode ser entendido como un exceso de realismo ou de busca da verosimilitude non deixa de ser, dende o punto de vista do que poderíamos considerar a posta en escea, un logro máis de Marcial Valladares: a narración flúe áxil en galego, pero nos diálogos vén marcada a procedencia social dos personaxes co recurso á contraposición de castelán (empregado por aristócratas, burgueses, etc.) e galego (falado polos labregos e os criados), con uso esporádico dun tipo de castrapo para producir efectos cómicos.

O autor non deixaba, pois, de experimentar con esa lingua que estudaba con tanto afán. Iniciara o seu traballo lexicográfico en 1850⁶ e tiña disposta unha primeira versión en 1868; é certo que o *Diccionario* non saíu do prelo ata 1884⁷, pero nos círculos eruditos era coñecido con anterioridade, pois, por exemplo, as *Memorias* comentan que o Marqués de Valmar solicitou expresamente (a través de Gumersindo Laverde Ruiz) poder consultalo con calma “antes de dar principio a la impresión del libro *Cantigas de Santa María*” (libro cuarto, cap. II). En paralelo, e á vez que cultivaba esporadicamente a poesía e recollía cantigas e relatos populares, comezaba a redacción dos seus *Elementos de Gramática gallega* en 1855 e continuou traballando neles ata 1892.

Para a elaboración do *Diccionario gallego-castellano* tivo en conta (poderíamos dicir que refundiu) as obras lexicográficas aparecidas con anterioridade, en concreto a de Francisco Javier Rodríguez e o voca-

6 O propio Valladares declara no prólogo do *Diccionario* que levaba traballando dende esa data “en tareas parecidas a las del señor Rodríguez”, é dicir, D. Francisco Javier Rodríguez, autor do primeiro *Diccionario gallego-castellano*, publicado –despois da súa morte– en 1863.

7 “Azuzado por varios amigos a la publicación de un *Diccionario gallego-castellano* que yo había escrito, decidime, por fin, a imprimirle y, con tal objeto, marché en 1884 a Santiago [...] y me detuve desde mediados de mayo hasta principios de octubre, en que terminó la impresión del libro” (*Memorias de familia*, libro cuarto, cap. VI).

bulario que acompaña a gramática de Francisco Mirás (1864)⁸, así como o glosario dos *Cantares gallegos* de Rosalía, pero operou sempre cun criterio selectivo que o levou, entre outras cousas, a prescindir das “voces designativas solo de parroquia, ó localidade” de Rodríguez e a incluír no seu lugar un abundante número de palabras “familiares y casi inusitadas en el habla de Castilla, pero muy comunes entre nuestros labradores”. Con estas fontes pretendía dar por rematada a redacción do dicionario en 1869, pero a aparición neses anos de obras literarias de interese, así como da *Gramática* de Saco Arce⁹ e do dicionario de Cuveiro¹⁰ levouno a ampliálo, incorporando un maior número de vocablos procedentes de diversos puntos de Galicia, así como abundante material folklórico (cantigas, fragmentos poéticos, refráns, proverbios, ditos...). O interese pola lexicografía galega non o abandonou nunca, pois en 1896 tiña xa disposto un suplemento ao dicionario e, pouco antes de morrer, en 1902, un novo apéndice.

Os *Elementos de Gramática gallega* non chegaron a ser impresos en vida do autor (aínda que este os deu por pechados en 1892), posiblemente porque non pasan de ser apuntamentos non suficientemente estruturados que, de todos modos, deixan ver clara a postura de D. Marcial¹¹, a quen a gramática de Mirás lle parecía demasiado

- 8 F. Mirás, *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Manuel Mirás, Santiago, 1864.
- 9 Juan A. Saco Arce, *Gramática gallega*, Soto Freire, Lugo, 1868.
- 10 Juan Cuveiro, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, José A. Antúnez, Pontevedra, 1868. Uns anos máis tarde, o propio J. Cuveiro publica tamén un *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación, para la escuela de diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso*, N. Ramírez, Barcelona, 1876. Como pode verse, todos estes eruditos rivalizaban por ofrecer a obra máis completa e de maior utilidade para os usuarios.
- 11 “Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras. / Hay en esta gramática, lo mismo que en la castellana, francesa, inglesa y todas las gramáticas, lo que llamamos analogía, sintaxis, ortografía y prosodia” (M. Valladares, *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970, p. 11).

simple e a de Saco máis ben complicada (polo que a súa intención debía de ser lograr un produto intermedio entre os dous anteriores). Esta obra manifesta a preocupación de Valladares por fixar un determinado sistema ortográfico e mantén unha certa contradición coa postura adoptada no *Diccionario*, no sentido de que parte dun modelo de galego forxado sobre o castelán, que o leva a rexeitar solucións netamente galegas por seren diferenciais.

2. As *Memorias de familia*

Despois do seu retiro definitivo da vida pública en 1866 para pasar a residir ata a súa morte en Vilancosta, D. Marcial puido entregarse por completo ás letras, combinando, como xa se comentou, a creación literaria co estudo lingüístico e a compilación de literatura popular; e, a maiores, decidiu redactar unhas *Memorias de familia*, dedicadas á súa propia, para que puidera conservar a lembranza das persoas que a compuxeron e dos acontecementos que viviron. Un dos motivos que o moveron a emprender a tarefa foi posiblemente o enorme respecto e admiración que profesaba pola figura paterna, pois non deixa de lamentar nalgún lugar que Waldo Álvarez Ínsua se interesase pola biografía do seu irmán Sergio e, en cambio, estivese sen facer a do seu pai, pese a que el mesmo lle facilitara información suficiente con ese obxectivo a Vesteiro Torres, quen a recibira poucos días antes do seu suicidio (libro cuarto, cap. I).

A familia (que segue sendo coidadosa propietaria da casa petrucial) conservou, efectivamente, esas *Memorias* e hoxe hai unha fotocopia destas depositada no Museo da Estrada, que amablemente nos permitiu consultalas¹². Buscábamos nelas datos particulares relativos, sobre todo, á súa faceta de lingüista e literato e á súa relación cos eruditos e escritores contemporáneos, ou comentarios sobre as obras que

12 As *Memorias* constitúen ademais a base do mencionado estudo *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*, de Xosé A. Fernández Salgado. Non obstante, o autor serviu-se unicamente dos tres primeiros libros que as integran, pois, malia ter coñecemento da existencia dun cuarto, confesa que non lle foi posible a súa consulta.

ían aparecendo, pero o certo é que, nese sentido, foron poucos os parágrafos que puidemos atopar, porque se trata, como el pretendía, de lembranzas familiares, salpicadas de referencias á súa terra, con descrições, expresión de sentimentos, etc. Foi, como se dixo, a lembranza desta realidade íntima o obxectivo fundamental dunhas *Memorias* concibidas cun carácter privado, “hijas en su mayor parte del hogar doméstico; monótonas como la vida del labrador; reducidas a bien estrecho círculo, efecto de no haber variado apenas de horizontes, ni cruzado otros países que el natal” (libro primeiro, cap. I).

2.1. Estructura e contido das *Memorias*

As *Memorias de familia* de Marcial Valladares están estruturadas en catro libros recollidos en dous volumes, de xeito que o primeiro contén os tres primeiros e o segundo o cuarto. Sen pretendernos elaborar aquí unha biografía do autor (labor que, por outra banda, xa foi levada a cabo con exhaustividade no libro de Fernández Salgado), cremos necesario describir, aínda que sexa sinteticamente, o texto de Valladares e informar do seu contido.

O libro primeiro, que consta de 37 capítulos, comeza coa presentación dos pais e con información acerca do nacemento do propio Marcial e dos seus irmáns. O texto testemuña unha infancia feliz en Vilancosta e ofrece datos acerca da formación do escritor e do seu irmán Sergio no lugar natal e en Santiago. As memorias detéñense en datos biográficos moi precisos sobre a figura do pai, especialmente no que se refire aos cargos políticos que ocupou. Por outra banda, Marcial Valladares deixa constancia dalgúns dos acontecementos que tiveron lugar naqueles anos e da súa repercusión na vida familiar. Algún destes feitos semella mesmo que entrañaron perigo para a casa de Vilancosta, que foi obxecto, por exemplo, dun ataque por

13 Trátase posiblemente dos integrantes da facción carlista do coengo D. José Tomé Villanueva, fusilado en 1839, que por estes anos actuaba na Ulla, apoiado por numerosos fidalgos da zona (vid. ao respecto X. R. Barreiro Fernández, *El carlismo gallego*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1976, especialmente p. 86).

parte dos *faccionistas*¹³, que, ademais de maltratar a seu avó, secuestraron a súa tía Dona Manuela. O libro contén ademais numerosas descrições paisaxísticas do Val do Ulla, así como crónicas de actividades lúdicas como romarías ou excursións. Finalmente, dá conta do traslado a Zamora motivado polo novo destino de Don José e detense en pormenorizadas descrições da viaxe, da cidade e dos seus arredores. A sección remata no ano 1848.

O libro segundo consta de 23 capítulos e abrangue os acontecementos sucedidos entre os anos 1849 e 1853. Alén dunha descrição saudosa da vida na cidade, esta sección das memorias inclúe extensos apuntamentos sobre a historia de Zamora. Por outra banda, informa do traslado a Ourense e, posteriormente, do retorno a Vilancosta da familia. O libro dedica abondosas páxinas á descrição da vida na aldea (excursións, feiras, festas populares, costumes), polo que o seu interese antropolóxico é notable. Inclúe ademais esta sección información acerca da malograda historia amorosa con *madama****, á que o escritor se refire como “un amor puro como virginal sonrisa y casto cuan infantil sueño”, que remata co casamento desta. O libro conclúe coa morte da nai, dona Concha, acontecida en 1854.

O libro terceiro, composto por 19 capítulos, comeza nese mesmo ano, dando conta do cesamento do cargo de deputado que Marcial viña desempeñando, debido ás novas circunstancias políticas. Esta terceira sección informa ademais dalgúns desgrazados acontecementos, como a morte do irmán Sergio, a do propio pai en 1864, problemas derivados da herdanza e o desengano amoroso coa, tamén encuberta, M***. Desde o punto de vista biográfico, na sección infórmase dun feito determinante na vida do escritor, como foi o seu retiro definitivo a Vilancosta e o seu afastamento, polo tanto, do mundo público. Estas páxinas informan igualmente dalgunhas actividades protagonizadas polo escritor, entre as que destacan a participación en exposicións cunha colección de apeiros de labranza propiedade da familia, a presidencia dos Xogos Florais de Pontevedra, o desempeño de cargos en función das circunstancias políticas, ou a estadía vacacional na

casa do señor Riestra, Gobernador de Pontevedra (onde se produce o encontro coa dama antes mencionada). O libro conclúe coa noticia da visita de Afonso XII a Santiago¹⁴. A sección inclúe ademais os “Consejos a mi sobrino Laurentino Espinosa Valladares, al entrar en el segundo año de Jurisprudencia, o curso de 1878 a 1879”.

O libro cuarto está integrado por 12 capítulos, dos que o derradeiro é da autoría de Laurentino¹⁵, quen dá noticia da morte de Marcial e da súa vontade de “continuar las memorias que el dejó en este punto” (libro cuarto, cap. XII). É esta a sección máis rica no que se refire á información referida á actividade cultural do escritor, pois nela dáse noticia das súas colaboracións literarias en diversas revistas, do seu nomeamento como correspondente da Real Academia Española ou da publicación do *Diccionario*. O libro inclúe ademais algunhas composicións, todas elas en castelán, escritas para diferentes eventos. O texto remata coa semblanza afectuosa do relixioso franciscano Fr. José Hermo e coa morte de Avelina, acontecida en 1902.

2.2. O escritor e as súas memorias

Como se pode apreciar na síntese que presentamos, o interese das *Memorias de familia* do escritor de Berres é grande e non se restrinxe ao estritamente lingüístico e literario. Ao contrario, o documento ofrece información valiosa para disciplinas como a historia, a antropoloxía ou a socioloxía. Con todo, o seu maior interese radica nos

14 O cap. V deste mesmo libro dera xa conta da primeira visita de Alfonso XII, aínda nos brazos da súa nai a raíña Isabel II, en xullo de 1858.

15 Xosé A. Fernández Salgado reproduce na súa biografía unhas palabras de Luis Losada Espinosa que testemuñan esta afirmación: “Terminadas as notas de meu pai, recorro ás do meu avó materno, Laurentino Espinosa Valladares, sobriño de Marcial Valladares Núñez [...]. Meu avó, Laurentino, avogado, fora alcalde da Estrada, onde tiña bufete [...]. En 1920 decidíu proseguir as *Memorias de familia* de Marcial Valladares, cheas de interesantísimos datos e que permanecen inéditas na casa de Vilancosta” (X. A. Fernández Salgado, *op. cit.*, p. 13). A data de 1920 é unha errata, pois Laurentino Espinosa tomou o relevo do seu tío no mesmo ano da morte deste, 1903; declara ter 42 anos e nacera en 1861; por outra parte, o cap. XII e último do libro cuarto comeza lembrando que “Desde el año pasado, un hálito de muerte nos rodea, y tres víctimas tenemos que llorar: mi inolvidable madrina, mi querido padre y el tío Marcial”.

datos que achega acerca da biografía e personalidade do propio escritor, transmitida da súa propia man.

Nesta achega pretendemos salientar algúns destes aspectos que ilustran e enriquecen o coñecemento que hoxe en día temos tanto de Marcial Valladares como do seu tempo.

2.2.1. O abeiro familiar

Os estudosos do autor de *Majina* teñen salientado a importancia da relación coa súa irmá, a tamén escritora Avelina¹⁶. A ela dedica Marcial algunhas páxinas afectuosas nas súas *Memorias* que inciden porén noutras facetas da súa personalidade, como son o altruísmo e a práctica da beneficencia. Laurentino Espinosa relaciona, na continuación do texto familiar, a tristeza producida pola morte de Avelina e o falecemento do propio Marcial coa seguinte afirmación: “Parece que la muerte del Ángel querido a quien fueron dirigidos sus últimos renglones [das memorias] apagó en él así mismo todo entusiasmo, toda alegría”.

Menos coñecida resulta a relación coa figura paterna, á que lle profesa unha verdadeira admiración que se espella en numerosas pasaxes do texto. Alén de datos moi precisos que nos presentan unha figura de notable formación, son frecuentes os comentarios que salientan o maxisterio exercido por Don José nos seus fillos e o especial empeño que puxo na súa educación, da que chegou a encargarse persoalmente:

Allí vivió mi padre consagrado enteramente en un principio a sus hijos y a la Abogacía, cuyos productos bastaban a alimentarnos todos con holgura y pagar un maestro de primeras letras que diariamente venía a darnos lección en casa; sin perjuicio de las que a horas extraordinarias y en ratos desocupados nos daba nuestro propio padre, cada una de las cuales valía bien por cuatro de las que el maestro nos daba (libro primeiro, cap. V).

16 Pode verse unha bibliografía de Avelina Valladares en Xosé Luna Sanmartín, *Ond’o sol facheaba ô amanecer. Vida e obra da cantora do Ulla. Avelina Valladares Núñez*, Edicións Fouce, A Estrada, 2000.

Estreita foi tamén a relación mantida co seu irmán Sergio, co que compartiu infancia, xuventude e experiencias estudiantís. Andando o tempo, o escritor establecerá tamén importantes vínculos co sobriño Laurentino (fillo de súa irmá Luisa), seguidor no oficio de avogado, destinatario dos consellos morais incluídos no libro terceiro e continuador das súas memorias, ás que dá comezo cunha evocación de seu tío ao que se refire como “ese escudo venerado, ese amparo de toda la familia” (libro cuarto, cap. XII).

Da veneración que o escritor sente polos seus achegados deixa constancia en numerosas pasaxes das memorias. Tal sentimento lévao a considerar os primeiros anos de vida familiar en Vilancosa como “los más felices de nuestra vida, sin embargo, en medio de los trastornos y acontecimientos políticos” (libro primeiro, cap. V). As lembranzas deste período amosan unha vez máis a admiración sentida pola figura de Don José:

Allí, en medio de la majestuosa naturaleza; lejos del vicio y la adulación; crecíamos llenos de robustez como la hiedra enlazada al árbol, al lado de mi madre y cariñosas tías que sin cesar inculcaban en nuestras infantiles almas doctrinas de la moral más pura, humildad y reglas de buen vivir, sin olvidar el ejercicio de las prácticas religiosas, esto es, las oraciones de la mañana, las del toque a Ave-Marías, ni las nocturnas al acostarnos. Allí reinaba la paz doméstica; la amistad más íntima y la alegría, siendo muy frecuente oír en boca de mi padre que de dos cosas no había podido formar jamás exacta idea; y eran de la tristeza y odio (libro primeiro, cap. V).

Cómpre, por outra banda, lembrar que a *familia* da casa grande de Vilancosta non só estaba integrada polos parentes senón polo conxunto de persoas que convivían na casa e que, segundo o testemuño do escritor, eran numerosas durante a súa infancia, pois “raro era el [día] en que nuestra cocina se veía sin 10 o 12 jornaleros al mediodía o a la cena además de dos o tres criados y 12 ó 13 personas de la familia que todos vivíamos bajo un mismo techo y del trabajo de mi laborioso padre” (libro primeiro, cap. V). A lembranza entrañable que a seguir reproducimos resulta ilustrativa da estreita relación que os Valladares mantiñan cos xornaleiros e criados da casa, así como

do contacto directo que o escritor tivo, na súa infancia, coa literatura popular de tradición oral:

En torno del hogar por la noche, paréceme asisto todavía a una de aquellas dulces veladas en que, mi madre y mis tías hilando o calcetando, en medio de las criadas que alguna vez se dormían pegado el labio al cerro y desprendiéndose el huso de sus dedos, escuchábamos con avidez indecible leyendas y cuentos llenos de encantamientos que algun viejo jornalero o el criado de cualquier huésped se entretenía en referirnos cediendo a nuestras exigencias; veladas que terminaban con el común rosario guiado por mi anciano abuelo, sentado en la poltrona bajo la chimenea, subiendo enseguida al comedor; donde bendecía uno de nosotros la mesa y daba gracias al concluir, retirándose después a su lecho cada cual (libro primeiro, cap. V).

2.3. *Vilancosta e a paisaxe ullá*

Alén do protagonismo familiar, Vilancosta e a paisaxe da Ulla ocupan un lugar central no texto de Valladares. O lugar da parroquia de Berres que viu nacer ao escritor é evocado ao longo das *Memorias* en termos bucólicos:

¡Vilancosta...! ¡hogar querido de mis más dulces recuerdos! Bello recinto donde mi infancia se deslizó entre el maternal cariño y los inocentes juegos de aquella edad; grata mansión, escondida aldea donde nací y fui creciendo como la flor en los campos, como la avecilla en su nido, entre el espeso follaje al arrullo de suaves olorosas auras; muda confidente de mis primeros balbuceos, de mi primer lloro y sonrisa, de mis tiernas ilusiones, deja también de ti yo me ocupe, pues que a mi mente te ofreces llena hoy de encanto y misterio.....! (libro segundo, cap. IV).

Por outra banda, Vilancosta é tamén abeiro, “predilecto nido, consolador asilo nuestro, abierto siempre para sus dueños y en el que se refugiaban éstos, cual en mansión sagrada, al abrigo de todo contra-tiempo” (libro primeiro, cap. X), e refuxio tamén para o propio Marcial cando decide afastarse da vida pública:

Retirado para siempre de la vida pública; decidido con formal propósito a no tomar en ella parte alguna y, acompañado en este sagrado albergue de Vilancosta, que mis padres me dejaron; [...] nada de cuanto en el mundo ocurre me seduce ni entusiasmo y ay, si distracción o entretenimiento hallo en la vista de mis campos, es por admirar allí las obras del Criador en toda su magnificencia y porque, viniendo de ellos, necesito atender a su cuidado (libro tercero, cap. XVII).

Mais a paisaxe sentimental de Valladares non se limita á casa e ao lugar de Vilancosta, senón que se estende ao Val do Ulla, deténdose nalgunha das súas paraxes máis fermosas, como o estreito de San Xoán da Cova, o Pico Sacro, que “domina las pintorescas faldas de un estribo de la sierra del Amenal” (libro primeiro, IV), Sarandón, a Torre da Barreira, o pazo de Oca, etc. O escritor ofrece en ocasións estampas características como a do val no outono, tinguido este de cores vermellas: “la vendimia ha terminado, pálidas están las hojas de la vid y teñidas algunas de ese encarnado oscuro, síntoma cierto, indicio triste de su falta de lozanía, y que en breve van a marchitar y caer al pié de los troncos mismos que les dieron vida” (libro segundo, XV).

Moitas das páxinas das *Memorias de familia* son unha verdadeira guía para o viaxeiro que se achegue á paisaxe ullá, que non só repara na descrición física senón tamén na humana, con documentadas estampas das principais romarías, feiras e outros acontecementos. É o caso das romarías de Gundián, os *Dolores* e o Sacramento de Santa Cruz [de Ribadulla] ou a feira do Foxo.

2.4. O ambiente cultural do momento

Bastante escasas son as referencias nas *Memorias* ao mundo cultural do momento. Case todas elas figuran no libro cuarto, que, como se expuxo en páxinas anteriores, relata os acontecementos que tiveron lugar tras a morte de Don José e durante o retiro final do escritor en Vilancosta.

No que se refire aos intelectuais da época interesados pola cultura galega e protagonistas do Rexurdimento desta, tan só se dá noticia da presenza en Vilancosta de Neira de Mosquera. Nas memorias infórmase da visita, anos despois, do catedrático de literatura Gumersindo Laverde Ruiz e do seu agasallo á familia cunha composición propia: o soneto “Al Ulla”, reproducido no texto (libro cuarto, cap. I). Tamén neste texto aparecen algunhas alusións á amizade co escritor e botánico José María Gil [Rey].

Máis numerosas resultan as alusións a outros intelectuais que lle requiren a súa colaboración en diferentes publicacións. Estas alusións déixannos constancia non só do oficio do escritor senón tamén da consideración que lle tiñan os seus contemporáneos. Entre estes encargos figuran a mencionada biografía de Sergio, demandada por Waldo Álvarez Ínsua para *El eco de Galicia*, textos para *La Ilustración gallega y asturiana*, o “encargos, no sólo del señor Murguía, sobre poesía popular gallega, para una obra que piensa publicar luego, sino también de otras personas amantes de Galicia e interesadas en su mayor gloria, tales como los señores Don Juan A. Saco Arce y Don Antonio Machado Álvarez” (libro cuarto, cap. I). Nas memorias dáse tamén noticia das solicitudes feitas por Andrés Martínez Salazar para a revista *Galicia* e para o *Diccionario enciclopédico hispano-americano* (neste caso cunha nota biobibliográfica propia), e por Alfredo Brañas para *Galicia Humorística* que estaba a elaborar Enrique Labarta Pose. Estes apuntamentos constitúen unha mostra da presenza de Valladares na prensa galega do momento, á que, nunha pasaxe das *memorias* se refire como “de corta vida¹⁷”.

No derradeiro libro, Valladares deixa constancia tamén da súa proposta e posterior nomeamento como correspondente na Real Academia Española, a instancia do marqués de Valmar:

El 18 de octubre escribió el Excmo. señor marqués de Valmar al señor Don Gumersindo Laverde diciendo que iba a proponerme, como individuo correspondiente, para la vacante que a sazón había en la Real Academia Española, cosa que sorpresa me ha causado y, sin el menor consentimiento mío, solicitara el señor Laverde, llevado de su bondad y dando importancia inmerecida, no sólo a mi persona, sino también a un diccionario gallego que yo escribiera y en 20 de octubre de 1878 me pidió le franquease por unos días (libro cuarto, cap. II).

Da publicación do *Diccionario* non só se dá noticia senón que se proporcionan algúns detalles como o feito de ter pasado “el verano [de 1884] todo en Santiago, siendo mi principal ocupación allí la correc-

17 Tal observación faina a propósito de *La aurora de Galicia*

ción de pruebas de imprenta, trabajo enojoso de que nadie quiso encargarse” (libro cuarto, VI), ou o feito de que “me hicieron el honor de suscribirse [ao libro] las cuatro Diputaciones provinciales de Galicia; dejando de hacerlo el Ministerio de Fomento, no obstante el excelente informe de la Real Academia Española, redactado y leído en la misma por el académico señor Menéndez Pelayo” (*ibidem*).

2.4. A literatura

Como se dixo en máis dunha ocasión, as referencias de Valladares á súa propia obra literaria son moi escasas, ao contrario do que cabería agardar, sendo esta unha das ocupacións ás que dedicou unha boa parte do seu tempo, especialmente nesa etapa de retiro en Vilancosta. O escritor fai unha única alusión á súa afección xuvenil á lírica e ás súas primeiras composicións nun comentario no que sinala ademais os seus mestres naquela altura e enmarca a lectura e composición de poemas no marco idílico da paisaxe ullá:

entusiasta a la sazón, más que en la actual edad, por la poesía lírica, habiendo leído ya varios de nuestros modernos poetas; deslumbrado con la belleza en el modo de decir de algunos, y ganoso de imitarlos, aprendía trozos de poesías que recitaba luego en alta voz, corriendo el campo. ¡Cuántas veces sobre la verde margen del Ulla recité versos de Moratín, Meléndez y Espronceda! ¡Cuántas tardes y mañanas pasé sentado allí en la campestre alfombra, con mi escopeta al pié, bajo los sauces y los alisos! Y ¡cuántas, cuántas ¡ay! pasé también componiendo yo mismo versos en extremo malos, tan pésimos que, no obstante esmerarme a recitarlos igualmente en alta voz, no hallaba en ellos aquella profundidad de sentimiento, aquella dulzura y fuerza de imaginación, aquel no sé que, en fin, admirado en mis modelos (libro primero, XXVI).

No mesmo lugar refírese á continuidade do seu cultivo da poesía ao afirmar que “entonces y después, empero, compuse muchos, pueriles casi todos, ninguno bueno, ingenuamente lo confieso, por más que en algún periódico viesen la luz pública dos o tres juguetes y conserve en diferentes colecciones manuscritas gran parte” (*ibidem*). De igual maneira que acontece co texto das memorias, o autor explica que o seu propósito coa escritura destes textos non é o de “legar a la

posteridad flores que una a una van los días marchitando, si con el de recordar pasadas impresiones en cada vez que yo los lea, reír o llorar sobre esas marchitas flores que ya no reverdecen.....!” (*ibidem*).

Máis adiante o escritor refírese á conclusión, en 1857, do “cuaderno, o manuscrito, compuesto en Vilancosta durante ociosos ratos, bajo el título de “Escenas contemporáneas: Flora, o hasta donde llega una mujer”. O autor explica acerca desta obra que “no es un trabajo filosófico, ni tampoco una novela. Colección monótona, pero verídica, de escenas mas, o menos, interesantes, es sí empezada página de mi existencia que quise conservar y nunca concluiré, tal vez...” (libro terceiro, cap. III).

Nas memorias reproducense ademais algunhas composicións poéticas escritas en castelán e compostas para algunha ocasión particular. A primeira delas está dedicada á mencionada *madama****. Outras foron escritas para agasallar a familia aos marqueses de San Miguel de Penas. En total, reproducense as seguintes composicións:

- ▮ “Zamora tiene una flor” (libro segundo, VII)
- ▮ “A los excmos. señores marqueses de San Miguel de Penas y su sobrina Margarita el 27 de agosto de 1882” (libro cuarto, IV)
- ▮ “A Margarita” (libro cuarto, IV)
- ▮ “A la Soledad” (libro cuarto, VI)
- ▮ “A los excmos. señores de San Miguel das Penas el día 29 de agosto de 1886 en Oca” (libro cuarto, VII)
- ▮ “A la Excma. señora Marquesa de San Miguel das Penas el dia 20 de agosto de 1894 en Oca” (libro cuarto, IX)
- ▮ “A Pastora” (libro cuarto, IX)

Son estas as únicas referencias que podemos atopar ao logo do extenso texto das *Memorias*. Sorprende a ausencia de composicións escritas en lingua galega e, de maneira especial, o feito de que non haxa ningunha alusión á novela *Majina ou a filla espúrea*, tendo en conta que a data do manuscrito desta é 1870. Semella que o escritor quixo deixar fóra da memoria familiar calquera alusión á xénese do seu texto de ficción.

Co obxectivo de conservar o *perpetuo recuerdo de familia*, de acontecementos e espazos habitados, Marcial Valladares legou unhas memorias eruditas, exhaustivas no que se refire a algunhas das descricións, e entrañables. Malia non deixar espazo no manuscrito para cuestións que tiñan que ver coa súa propia literatura, escribiu fermosas páxinas consagradas á paisaxe ullá, testemuñou acontecementos históricos (o devir convulso do século XIX, a visita de Alfonso XII a Santiago) e, sobre todo, plasmou a existencia cotiá dunha familia da condición da súa e moitos episodios da vida nunha aldea galega do momento. Mais as *Memorias* deixaron tamén aos futuros lectores (restrinxidos e íntimos, de facermos caso ás palabras do escritor) moitos trazos da personalidade dunha das figuras máis relevantes do Rexurdimento galego.